<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>ENSINANZAS PARA AS CALES SOLICITA SER ADMITIDO/A</b>			
A solicitude será única e presentarse no centro en que a persoa solicitante pretenda ser admitida.			
CURSO ESCOLAR	CURSO DO CICLO FORMATIVO	REPETIDOR	
2D <input type="checkbox"/> - 2D <input type="checkbox"/>	<input type="radio"/> 1* <input type="radio"/> 2*	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
CÓDIGO CENTRO	NOME DO CENTRO	CÓDIGO CICLO	CICLO FORMATIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Só para o alumnado que acceda por primeira vez á formación profesional básica			
No suposto de non lograr praza no centro mencionado anteriormente, SOLICITA ser admitido/a en:			
CÓDIGO CENTRO	NOME DO CENTRO	CÓDIGO CICLO	CICLO FORMATIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

# Normativa da FP Básica Galicia

## Acceso e admisión

### Postos escolares

- Con carácter xeral o número de postos escolares dispoñibles para cada ciclo da formación profesional básica é de **vinte**.
- **Reservarase o 10 por cento**, para estudantes que teñan recoñecida unha **discapacidade**.
- O alumnado con **necesidades educativas especiais** incorporárase co resto do alumnado matriculado no programa. Neste caso **computará o dobre** a efectos de postos escolares.

# Normativa da FP Básica Galicia

## Acceso e admisión

### Procedemento de admisión

- **Criterios de prioridade:**
  - Alumnado que cursase 2º de ESO.
  - Alumnado que cursase 3º de ESO.
  - Alumnado que cursase 4º de ESO.

Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.

En caso de **empate** seleccionarase en virtude do **sexo** menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación.

De manterse o empate aplicarase o resultado do **sorteo** que realiza anualmente a consellería.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Acceso e admisión

### Procedemento de admisión

- A **admisión do alumnado** corresponde á **dirección** e o consello escolar debe emitir informe.
- Os centros educativos farán **pública a listaxe** do alumnado admitido e non admitido.
- Contra esta listaxe, as persoas solicitantes poderán presentar a correspondente **reclamación**, no prazo que se estableza.
- Contra o resultado desta reclamación, as persoas interesadas poderán interpor **recurso de alzada** no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa comunicación.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Acceso e admisión

### Procedemento de admisión

- A **dirección** remitiralle á correspondente **xefatura territorial** a seguinte documentación:
  - Listaxe do alumnado admitido.
  - Número de postos escolares non cubertos.
  - Listaxe do alumnado non admitido no centro.
- A xefatura territorial correspondente remitirá esta documentación á **comisión de escolarización**, que procederá a asignarlle praza ao alumnado proposto e que non fose admitido no primeiro ciclo solicitado, **informando a inspección educativa** a este alumnado.
- A **comisión de escolarización** comunicará á **xefatura territorial** o resultado desta asignación de prazas e, esta a súa vez remitirá a proposta de adxudicación subsidiaria de postos escolares aos **centros** en que se vaia producir a escolarización da alumna/o.

**Orde do 13 de xullo de 2015**



# Normativa da FP Básica Galicia

## Acceso e admisión

### Constitución de grupos

- Poderanse **completar os grupos** con persoas que cumpran os seguintes requisitos:
  - Que teñan 17 anos e non estivesen escolarizadas no curso escolar anterior.
  - Que teñan 18 ou 19 anos, ou que fagan 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
  - Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

De existir máis solicitudes que prazas, asignaranse as prazas seguindo o criterio de menor a maior idade, e en caso de empate empregaranse os criterios de desempate xa mencionados.

# Normativa da FP Básica Galicia

## Matrícula, avaliación e validacións

### Matrícula

- Realizárase **para cada un dos cursos** e dará dereito a **dúas convocatorias anuais**.
- Os **traslados** de matrícula na formación profesional básica rexeranse polo **capítulo V da Orde do 12 de xullo de 2011**.

### Avaliación

- Aplicarase o establecido nos **artigos 25, 26, 27, 28, 38 e 39 da Orde do 12 de xullo de 2011**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Avaliación

### Aspectos xerais (Artigo 25 Orde do 12 de xullo de 2011)

- A avaliación nos ciclos formativos realizarase de xeito diferenciado por **módulos profesionais**, tomando como referencia os obxectivos, expresados en **resultados de aprendizaxe (RA)**, e os **criterios de avaliación (CA)**.
- A avaliación ten un carácter **continuo**, por o que cumprirá a asistencia do alumnado.
- O número de faltas que implica a **perda do dereito á avaliación continua** nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total.
- O **profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades** aos alumnos/as con PD, por poder implicar algún risco para si mesmos, ao resto do grupo ou ás instalacións.
- O alumnado con PD terá dereito a realizar unha **proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final** de módulos correspondente.

**Orde do 12 de xullo de 2011**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Avaliación

### Cualificacións (Artigo 26 Orde do 12 de xullo de 2011)

- Agás o de FCT, será **numérica**, entre un e dez, sen decimais.
- A superación do ciclo formativo requirirá a **avaliación positiva** (puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos) en todos os módulos profesionais que o compoñen.
- Na avaliación do módulo profesional de **FCT** colaborará co titor/a do centro educativo o titor/a da empresa e dita cualificación será en termos de «apto/a», ou «non apto/a».
- A **nota final** do ciclo formativo será a **media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos**, expresada con dous decimais, non computando os módulos profesionais validados ou exentos.
- Cando a **nota final do ciclo formativo é igual ou superior a nove puntos** poderán recibir a mención de **matrícula de honra**. (Máximo dúas, ou unha se o número de alumnos/as matriculados é inferior a vinte)

**Orde do 12 de xullo de 2011**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Avaliación

### Consideracións xerais e avaliación inicial (Artigo 27 Orde do 12 de xullo de 2011)

- O equipo docente estará **coordinado polo titor/a** do grupo.
- Nas sesións de avaliación o equipo docente tomará as **decisións que afecten o proceso de avaliación e promoción do alumnado**.
- O titor/a de cada grupo **redactarán unha acta** do desenvolvemento das sesións, na cal se farán constar, os acordos alcanzados e as decisións adoptadas, que constituirán o punto de partida na seguinte sesión de avaliación.
- En cada curso académico e para cada grupo **realizarase unha sesión de avaliación e cualificación en cada trimestre lectivo**.

# Normativa da FP Básica Galicia

## Avaliación

### **Avaliación inicial (Artigo 28 Orde do 12 de xullo de 2011)**

- Realizarase **ao comezo das actividades do curso académico** e terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
- O **titor/a dará a información sobre as características xerais do grupo** ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais.
- O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela **recolleranse nunha acta**, da cal se entregará **copia na xefatura de estudos**, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de **flexibilización** na duración das ensinanzas.

# Normativa da FP Básica Galicia

## Avaliación

### **Documentos do proceso de avaliación (Artigo 38 Orde do 12 de xullo de 2011)**

- **Son o expediente académico do alumnado, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados.** O expediente académico será único para cada ciclo formativo.
- **O expediente académico do alumnado que acceda a un ciclo formativo deberá ser aberto polo centro en que se matricule por primeira vez.** Os expedientes conservaranse no último centro en que o alumnado realizase ou rematase o ciclo.

# Normativa da FP Básica Galicia

## Avaliación

### Informe de avaliación individualizado (Artigo 39 Orde do 12 de xullo de 2011)

- Será elaborado polo **titor/a en colaboración co resto do equipo docente**, e nel consignarase a información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumno/a.
- Realizarase para:
  - alumnado que alcance a **promoción de curso con módulos pendentes**
  - alumnado que **non poida acceder á FCT por ter módulos pendentes** no réxime ordinario
  - alumnado que se **traslade** a outro centro sen ter rematado o curso.
- Incluirá as **cualificacións parciais** ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno/a, as **medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización**, as **validacións ou exencións concedidas**, as **actividades propostas para a recuperación** de módulos, e outros aspectos salientables.

**Orde do 12 de xullo de 2011**



# Normativa da FP Básica Galicia

## Matrícula, avaliación e validacións

### Avaliación

- Terá **carácter continuo**, formativo e integrador e realizarase por módulos profesionais.
- O módulo de **FCT** avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais asociados ás unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.
- A **perda do dereito á avaliación continua** nun determinado módulo, regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, **NON será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria**.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Matrícula, avaliación e validacións

### Avaliación

- No **primeiro curso** realizaranse as seguintes avaliacións:
  - **Tres avaliacións parciais.**
  - **Avaliación final de módulos**, coincidindo coa finalización das actividades lectivas.
  - **Avaliación final extraordinaria** para o alumnado con módulos pendentes da avaliación final de módulos, que se realizará nas datas que se establezan na orde pola se aprobe o calendario escolar para cada curso.
- O **informe de avaliación individualizado** (artigo 39 da Orde do 12 de xullo de 2011) conterá a información suficiente sobre os **resultados de aprendizaxe** non alcanzados polos alumnos/as, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Matrícula, avaliación e validacións

### Avaliación

- No **segundo curso** realizaranse as seguintes avaliacións:
  - **Dúas avaliacións parciais.**
  - **Avaliación final de módulos, con anterioridade a realización da FCT** (decidirase sobre a superación de módulos de 2º e, de ser o caso, dos módulos de 1º pendentos).
  - **Avaliación final de ciclo**, coincidindo coa finalización das actividades lectivas, onde o equipo docente realizará a **proposta de título** para o alumnado que obtivese cualificación positiva en todos os módulos do ciclo.
- **O alumnado que non realice a FCT no período establecido con carácter xeral poderá recuperar os módulos pendentos de primeiro e/ou segundo curso neste mesmo período, mediante actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados.**

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Matrícula, avaliación e validacións

### Convocatorias

- O **prazo máximo establecido de permanencia é de 4 anos** e poderán repetir cada curso unha soa vez como máximo, aínda que **excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable** do equipo docente.
- Máximo **dúas convocatorias anuais** cada un dos catro anos en que pode estar a cursar estas ensinanzas para superar os módulos en que se estea matriculado. O **módulo de FCT que poderá ser obxecto de avaliación unicamente en dúas convocatorias.**
- O alumnado que esgotase o número máximo de convocatorias previstas para cada módulo profesional **podará solicitar unha convocatoria extraordinaria** (capítulo IV da Orde do 12 de xullo de 2011).

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Matrícula, avaliación e validacións

### Promoción a segundo curso

- **Ao remate do primeiro curso**, na sesión final extraordinaria, o equipo docente decidirá sobre a promoción a segundo curso.
- O alumnado de 1º curso **promocionará**:
  - **Superase todos os módulos.**
  - **Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I.**

Deberá matricularse destes módulos profesionais pendentes de 1º e deberán organizarse as **actividades de recuperación e avaliación** dos módulos profesionais pendentes.
- **O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción a 2º deberá repetir 1º na súa totalidade.**

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

Exemplo: promoción a 2º no ciclo formativo de Agroxardinaría e Composicións Florais para o réxime ordinario.

Cun módulo suspenso ou cando se den as circunstancias amosadas na seguinte táboa:

MÓDULOS SUSPENSOS					
Ciencias aplicadas I (6 sesións semanais)	Comunicación e sociedade I (7 sesións semanais)	Módulos asociados a U.C.			
		Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos (4 sesións semanais = 12,5%)	Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría (6 sesións semanais = 12,5%)	Operacións básicas en instalacións de xardíns, parques e zonas verdes (4 sesións semanais = 18,75%)	Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes (4 sesións semanais = 12,5%)
X		X			
X			X		
X				X	
X					X
	X	X			
	X		X		
	X			X	
	X				X

# Normativa da FP Básica Galicia

## Matrícula, avaliación e validacións

### Validacións e exencións

- O alumnado que cursase previamente un **programa de cualificación profesional inicial** poderá solicitar a validación:
  - Do módulo profesional de **Ciencias aplicadas I**, se superou os módulos formativos obrigatorios do ámbito científico-tecnolóxico.
  - Do módulo profesional de **Comunicación e sociedade I**, se superou os módulos formativos obrigatorios do ámbito de comunicación e do ámbito social, e un módulo de Lingua estranxeira que fose establecido pola consellería con competencias en educación ou ben de oferta dos centros, no ámbito das súas competencias
- As solicitudes de validacións dirixíranse á dirección e serán remitidas polo centro á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Profesorado

### Profesorado

- Aplicarase o establecido no **artigo 30 do Decreto 107/2014**.
- **Procurarase** que o **número de profesores/as** que impartan docencia nun mesmo grupo de FPB sexa **o máis reducido posible**.
- **Cada módulo** será impartido, con **carácter xeral**, por **un só membro** do equipo docente.
- A parte do currículo correspondente a **lingua inglesa** dos módulos de Comunicación e sociedade I e II poderá ser impartida, como unidades formativas independentes, por profesorado da especialidade de Inglés. A programación da unidade formativa deberá realizarse de forma coordinada co profesorado encargado da docencia do resto do módulo,

**Orde do 13 de xullo de 2015**



# Normativa da FP Básica Galicia

## Alumnado con necesidades educativas especiais

### Flexibilización modular

- O **alumnado con NEE** poderá ser autorizado para cursar os módulos do ciclo formativo, mantendo a carga semanal prevista:
  - Cunha **temporalización e distribución por cursos distinta** á establecida con carácter xeral.
  - Excepcionalmente, de **xeito fragmentado por cursos** cunha ampliación a dous ou a tres anos.

# Normativa da FP Básica Galicia

## Alumnado con necesidades educativas especiais

### Procedemento de flexibilización modular

- Realizada a sesión de avaliación inicial, a **dirección** presentará a oportuna solicitude no **servizo territorial de inspección** xuntando a seguinte documentación:
  - **Informe** que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación en colaboración co titor/a.
  - **Conformidade expresa** do pai e da nai, ou de quen teña asignada a representación legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
  - Fotocopia compulsada do **expediente académico**.
  - **Proposta** da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas ou proposta de desenvolvemento curricular de cada módulo en máis dun ano e, de ser o caso, de medidas de **reforzo educativo ou de adaptación** do currículo dentro dos límites previstos na normativa vixente.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Alumnado con necesidades educativas especiais

### Procedemento de flexibilización modular

- O servizo territorial de **inspección educativa** remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao **xefe/a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**.

### Prazo para presentar a flexibilización

- Ata o 31 de outubro de cada curso académico.
- Resolución no prazo de un mes.

O alumnado autorizado a flexibilizar será cualificado con PC (pendente de cualificar) nos módulos en que non corresponda a súa cualificación.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Programas formativos de FPB

- Alumnos/as con NEE.
- Terán unha **duración dun curso** académico.
- Inclúen **módulos** profesionais de títulos profesionais básicos e outros módulos de formación apropiados para a adaptación ás súas necesidades.
- Incluirán os seguintes módulos profesionais:
  - Módulos asociados ao bloque común: Comunicación e sociedade I, e Ciencias aplicadas I.
  - Módulos asociados a unidades de competencia incluídos nalgún título de formación profesional básica.
  - Módulo de FCT.
- A **duración** de cada un dos módulos profesionais do programa non poderá ser inferior á establecida nos reais decretos polos que se establecen os currículos básicos.
- No caso do módulo de **FCT** a duración mínima será de 160 horas.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Programas de Cualificación Profesional Inicial

Título de FP Básica	Programa formativo de FP Básica
<b>Agroxardinaría e Composicións Florais</b>	<b>Xardinaría e viveirismo</b>
<b>Módulos profesionais asociados a unidades de competencia incluídos</b>	
Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos	
Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría	Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría
Operacións básicas en instalacións de xardíns, parques e zonas verdes	Operacións básicas en instalacións de xardíns, parques e zonas verdes
Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes	Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes
Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos	
Operacións auxiliares na elaboración de composición con flores e plantas	
Materiais de floraría	

# Normativa da FP Básica Galicia

## Programas formativos de FPB

- Nos módulos asociados aos bloques comúns poderanse establecer as **adaptacións curriculares** necesarias.
- O alumnado matriculado nun programa formativo e que non o supere poderá **repetir** o programa **unha soa vez**.
- O módulo de **FCT** poderá ser obxecto de avaliación en dúas convocatorias.
- Aos programas de FPB seralles de aplicación o regulado nesta orde no relativo á formación que o alumnado deberá adquirir con anterioridade ao comezo da actividade no centro de traballo (artigo 9), á avaliación (artigo 20, do punto 1 ao 6), á certificación e acreditación da formación (artigo 23), á reclamación contra as cualificacións (artigo 24), ás validacións e exencións (artigo 25), e á flexibilización modular (artigo 28).

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Programas formativos de FPB

- O **alumnado que supere un programa formativo e se incorpore a un ciclo formativo** soamente terá que realizar as **actividades de ensino e aprendizaxe** dos módulos profesionais pendentes de superar.
- O **módulo de FCT** incluírá soamente os **resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación** dos módulos asociados a unidades de competencia que cursou no ciclo formativo.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Programas formativos de FPB

### ANEXO V

#### Programas formativos

Módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional básica.

Programa formativo	Módulo profesional
Producións agrícolas	▪ MP3051. Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos.
	▪ MP3052. Operacións auxiliares de obtención e colleita de cultivos.
Xardinaria e viveirismo	▪ MP3053. Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaria.
	▪ MP3055. Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes.
	▪ MP3056. Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes.
Reprografía	▪ MP3124. Traballos de reprografía.
	▪ MP3125. Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos.
Servizos de restauración	▪ MP3036. Aproveitamento e conservación de materias primas e hixiene na manipulación.
	▪ MP3037. Técnicas elementais de servizo.
	▪ MP3038. Procesos básicos de preparación de alimentos e bebidas.



# Normativa da FP Básica Galicia

## Programas formativos de FPB

Programa formativo	Módulo profesional
Lavandaría	▪ MP3077. Materiais e produtos téxtiles.
	▪ MP3093. Lavado e secado de roupa.
	▪ MP3094. Pasada do ferro e embolsamento de roupa.
Peiteado	▪ MP3060. Preparación do contorno profesional.
	▪ MP3061. Coidados estéticos básicos de uñas.
	▪ MP3064. Lavado e cambios de forma do cabelo.
	▪ MP3065. Cambio de cor do cabelo.
Carpintaría	▪ MP3074. Operacións básicas de mecanizado de madeira e derivados.
	▪ MP3075. Instalación de elementos de carpintaría e moble.
	▪ MP3076. Acabamentos básicos da madeira.
Costura	▪ MP3095. Arranxos e adaptacións en pezas de vestir e roupa de fogar.
Cerámica	▪ MP3105. Reprodución de moldes.
	▪ MP3106. Conformación de pezas cerámicas.
	▪ MP3107. Acabamento de produtos cerámicos.

# Normativa da FP Básica Galicia

## Programas de Cualificación Profesional Inicial

- Coa finalidade de alcanzar o título de graduado na ESO, o alumnado que estivese **matriculado nos módulos do segundo curso dun PCPI** durante o curso 2014/15 e teña módulos pendentes poderá incorporarse ao nivel que lle corresponda da educación secundaria para as persoas adultas.
- O alumnado **matriculado** durante o curso 2014/15 no réxime integrado dun **PCPI** e teña **módulos pendentes** poderá incorporarse nun ciclo de formación profesional básica, aplicándolle as validacións que lle corresponda.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Calendario de acceso e admisión

- O documento de **consentimento** de incorporación á FPB deberá ser entregado no centro educativo no prazo do 1 ao 9 de setembro.
- O **prazo de presentación da solicitude de admisión** e matrícula será desde o día 1 de setembro ata as 13 horas do día 10 de setembro.
- Os centros farán **pública a listaxe** do alumnado admitido e non admitido o día 11 de setembro.
- As persoas solicitantes poderán presentar ante a dirección a correspondente **reclamación**, no prazo de dous días hábiles desde a publicación da listaxe.
- O alumnado admitido no ciclo solicitado deberá **formalizar a súa matrícula** desde o día 11 ata o día 18 de setembro.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# Normativa da FP Básica Galicia

## Calendario de acceso e admisión

- A **dirección remitirá á xefatura territorial** a documentación a que se fai referencia no artigo 14.4, no prazo de dous días hábiles desde a publicación da listaxe do alumnado admitido e non admitido.
- O alumnado **repetidor de primeiro curso ou que teña promoción a segundo** **presentará a solicitude de admisión e matrícula no mesmo centro** en que estivese matriculado no curso previo.
- O prazo para a presentación desta solicitude e o prazo para formalizar a matrícula son os referidos con anterioridade.

**Orde do 13 de xullo de 2015**

# **Formación Profesional Básica en Galicia**

**Estructura dos títulos e  
dos currículos da FPBásica**

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

Segundo o artigo 11 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, a **estrutura dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional básica será a mesma que para o resto da formación profesional do sistema educativo de Galicia.**

## **EXEMPLO:**

**Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en agroxardinaría e composicións florais**

- **Identificación do título.**
  - Denominación: Agroxardinaría e Composicións Florais.
  - Nivel: formación profesional básica.
  - Duración: 2.000 horas.
  - Familia profesional: Agraria.
  - Referente europeo: CINE-3.5.3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

**Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en agroxardinaría e composicións florais**

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Perfil profesional.**
- **Competencia xeral do título.**

A competencia **xeral** do título profesional básico en Agroxardinaría e Composicións Florais consiste en elaborar composicións con flores e plantas e realizar operacións auxiliares en cultivos, en produción de planta en invernadoiros ou en centros de xardinaría, colaborando na preparación do terreo e na implantación e o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Perfil profesional.**
- **Competencias do título.**

As **competencias profesionais, persoais e sociais**, e as competencias para a aprendizaxe permanente do título profesional básico en Agroxardinaría e Composicións florais son as que se relacionan:

- Preparar e realizar operacións auxiliares de montaxe, mantemento, limpeza e desinfección de infraestruturas, instalacións, dependencias de floraría, maquinaria e equipamentos, segundo proceda, garantindo o seu funcionamento e a súa hixiene.
- Preparar o terreo e o substrato para a implantación e a produción do material vexetal, tendo en conta o seu uso posterior, coa maquinaria, as ferramentas e os utensilios necesarios.
- Sementar, plantar ou transplantar cultivos, distribuíndoos sobre o terreo de acordo coas especificacións e conseguindo unha boa nacementa ou un bo arraigo.
- Etc....



# Estructura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título**

Segundo o artigo 3.(2). do Decreto 107/2014 o perfil profesional incluirá polo menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- **Cualificacións Profesionais completas:**
  - **Actividades auxiliares en floraría, AGA342\_1 (Real decreto 108/2008, do 1 de febreiro):**
    - UC1112\_1: realizar operacións auxiliares de mantemento das instalacións, da maquinaria, dos equipamentos e das ferramentas de floraría.
    - UC1113\_1: recibir e acondicionar materias primas e materiais de floraría.
    - UC1114\_1: realizar traballos auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas.
    - UC1115\_1: atender e prestar servizos ao público en floraría. UC1112\_1: realizar operacións auxiliares de mantemento das instalacións, da maquinaria, dos equipamentos e das ferramentas de floraría.

# Estructura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título**
- **Cualificacións Profesionais completas:**
  - **Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría, AGA164\_1 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:**
    - UC0520\_1: realizar operacións auxiliares para a produción e o mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría.
    - UC0521\_1: realizar operacións auxiliares para a instalación de xardíns, parques e zonas verdes.
    - UC0522\_1: realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título**
- **Cualificacións Profesionais incompletas:**
  - **Actividades auxiliares en agricultura, AGA163\_1 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:**
    - UC0517\_1: realizar operacións auxiliares para a preparación do terreo, a sementeira e a plantación de cultivos agrícolas.
    - UC0518\_1: realizar operacións auxiliares para a rega, a fertilización e a aplicación de tratamentos en cultivos agrícolas.
  - (A unidade de competencia que faltaría sería:
    - UC0519\_1: Realizar operacións auxiliares en los cuidados culturais y de recolección de cultivos, y en el mantenimiento de las instalaciones en explotaciones agrícolas.)

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Contorno profesional.**
- Estas persoas realizan traballos auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas en empresas dedicadas á ornamentación floral e/ou decoración de espazos e eventos. Tamén desenvolven a súa actividade profesional na área de produción e/ou na área de ambiente en grandes, medianas e pequenas empresas, tanto públicas como privadas, dedicadas ao cultivo agrícola, á produción de plantas e á instalación e o mantemento de xardíns e zonas verdes. Están, ademais, capacitadas para realizar tratamentos praguicidas de nivel básico, segundo a actividade regulada pola normativa correspondente.

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:**
  - Peón agrícola.
  - Peón agropecuario.
  - Peón en horticultura.
  - Peón en fruticultura.
  - Peón en cultivos herbáceos.
  - Peón en cultivos de flor cortada.
  - Peón de xardinaría.
  - Peón de viveiro.
  - Peón de centros de xardinaría.
  - .....

# Estructura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Prospectiva do título no sector ou sectores.**
  - A proliferación de urbanizacións e vivendas unifamiliares, con zonas comúns axardinadas, fai que se requira cada vez máis persoal cualificado que se faga cargo do seu mantemento.
  - A preocupación polo benestar social leva as administracións públicas á creación de espazos verdes destinados ao uso recreativo e de esparexemento. Ademais, estes espazos xeralmente dispoñen de zonas de céspede para a práctica deportiva e de zonas axardinadas para o descanso das persoas usuarias e para favorecer o impacto visual.
  - .....

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Ensinanzas do ciclo formativo.**
- **Obxectivos xerais do título.**
- Os obxectivos xerais do ciclo formativo de formación profesional básica de Agroxardinaría e Composicións Florais son os seguintes:
  - Recoñecer e identificar os protocolos establecidos sobre infraestruturas, instalacións, maquinaria e equipamentos, en relación coas funcións que vaian desenvolver, para levar a cabo as operacións auxiliares de montaxe, mantemento, limpeza e desinfección.
  - Identificar o cultivo que se vaia realizar xustificando a selección da maquinaria e/ou outras ferramentas, co fin de preparar o terreo e o substrato.
  - .....

# Estructura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Módulos profesionais.**

- MP3009. Ciencias aplicadas I.
- MP3011. Comunicación e sociedade I.
- MP3012. Comunicación e sociedade II.
- MP3050. Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos.
- MP3051. Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos.
- MP3053. Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría.
- MP3054. Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas.
- MP3055. Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes.
- MP3056. Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes.
- MP3057. Materiais de floraría.
- MP3058. Formación en centros de traballo.
- MP3059. Ciencias aplicadas II.



# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Vinculación con capacitacións profesionais.**
- A formación establecida neste decreto no módulo profesional de “Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos” garante o nivel de coñecemento necesario para posibilitar a realización de tratamentos praguicidas no **nivel de capacitación básico**, de acordo coas exixencias do Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria **para a fabricación, a comercialización e a utilización de praguicidas, os aplicadores e o persoal das empresas dedicadas á realización de tratamentos praguicidas.**
- De acordo coa Orde do 8 de marzo de 1994, do Ministerio da Presidencia, pola que se establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, **as persoas co título profesional básico en Agroxardaría e Composicións Florais deberá posuír o nivel que terá que acreditar mediante o correspondente carné de manipulador de produtos fitosanitarios.**

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Desenvolvemento de módulos.**
- Módulo profesional: Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría
  - Código: MP3053.
  - Duración: 175 horas.
- Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
  - RA1. Prepara o terreo dun viveiro, tendo en conta a relación do tipo de emenda e de fertilizante coas características do solo.
    - CA1.1. Identificáronse as infraestruturas que constitúen un viveiro.
    - CA1.2. Identificáronse os tipos de solo segundo a súa textura.
    - CA1.3. Realizáronse os labores de preparación do terreo segundo o obxectivo indicado.
    - ....

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Desenvolvimento de módulos.**
- **Contidos básicos**
  - **BC1. Preparación do terreo**
    - Instalacións que compoñen un viveiro. Distribución do espazo.
    - Textura de solos: concepto e clasificación de solos, e métodos básicos de determinación de texturas.
    - Aplicación de emendas: tipos, características e aplicación.
    - Fertilización: tipos, características e aplicación.
    - ...

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Desenvolvimento de módulos.**
- **Orientacións pedagóxicas** (que o alumnado sexa quen de)
- Este módulo profesional contén a **formación asociada á función** de produción e preparación de especies vexetais en viveiros e centros de xardinaría, incluíndo a preparación do terreo e de infraestruturas básicas.
- A definición desta función abrangue aspectos como:
  - Diferenciación dos tipos de sementes e plantas, así como a súa conservación e o acondicionamento.
  - Recoñecemento dos tipos de solos e as técnicas para a súa preparación.
  - Construción de pequenas instalacións de abrigo dos cultivo
  - ...

# Estrutura dos títulos e dos currículos da FP Básica

- **Desenvolvemento de módulos.**
